

CEIP PLURILINGÜE ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO

Sineiro - Vilariño 36633 - Cambados

Teléfono: 886151188 / Email: ceip.enrique.barreiro/edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/centros/ceipenriquebarreiro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



PLAN DE

CONTINXENCIA

CEIP PLURILINGÜE ENRIQUE BARREIRO

CURSO 20/21

O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo polo SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: *“Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”* e das instrucións publicadas o 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude das mesmas: levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no Anexo VI: Modelo de documento “Plan de continxeincia do centro educativo”, e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.
3. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa

totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.

4. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

5. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Os centros deberán incorporar a sistemática prevista no plan de continxencia, naquelas cuestións que son da súa responsabilidade, ao seu propio Plan de Continxencia, previsto no Anexo VI.

6. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.
2. Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*
 - Na etapa de Educación Infantil levarase a cabo unha videchamada semanal para manter o vínculo co grupo-clase a través de Webex. Propóranse

actividades manipulativas e retos para que o alumnado leve a cabo na casa. Todas estas actividades serán colgadas na aula virtual do centro. A comunicación coas familias será diaria a través dunha lista de difusión.

- No 1º ciclo levarase a cabo unha conexión diaria co alumnado, ben co grupo clase ou ben en pequenos grupos. As titoras estarán dispoñibles no seu horario habitual de docencia (que será comunicado ás familias) a través da plataforma Webex para resolver dúbidas e axudar a aquel alumnado que mais o precise. para propoñer tarefas, explicar propostas educativas, resolver dúbidas e manter o vínculo entre eles/-as. Todas as tarefas serán colgadas na aula virtual no curso correspondente, xa que todo o alumnado dispón do seu propio usuario e contrasinal. Levarase a cabo unha sesión de formación sobre o manexo da aula virtual a través de videochamada para aquelas familias que o precisen. O alumnado entregará os traballos e as actividades propostas a través da aula virtual, como xa fixemos o curso pasado. Tamén terán a posibilidade de facelo a través do correo electrónico. Manterase o horario cos especialistas, facendo unha conexión semanal con cada un deles. Os horarios quedarían establecidos do seguinte xeito:

1º EP	L	M	Mérc.	X	V
9:15 10:05	Titoría	Titoría	Titoría	Titoría	ARTS
10:05 10:55					Titoría
10:55 11:45					
11:45 12:15	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:15 13:00	EF	MÚSICA		INGLÉS	
13:00 13:45			RELIXIÓN		
13:45 14:15	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler

2º EP	L	M	Mérc.	X	V
9:15 10:05	TITORÍA	TITORÍA	RELIXIÓN	TITORÍA	TITORÍA
10:05 10:55		ARTS	TITORÍA		
10:55 11:45	EF			INGLÉS	
11:45 12:15	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:15 13:00					MÚSICA
13:00 13:45					
13:45 14:15	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler

- No 2º e 3º ciclo o horario do titor/-a será redistribuído para respectar a proporción do 60% de carga lectiva telemática (incluído o horario do profesorado especialista). As tarefas serán colgadas na aula virtual ou na plataforma Edixgal, segundo o curso que corresponda, e a plataforma para realizar as videochamadas co alumnado será Webex ou Falemos.

O alumnado deberá entregar as tarefas a través da aula virtual. No caso de peche dunha aula ou do centro educativo levarase a cabo unha sesión de formación no manexo da aula virtual coas familias a través de videochamada.

Os horarios quedarían establecidos do seguinte xeito:

▶ = videochamada co alumnado a través de Webex

3º EP	L	M	Mérc.	X	V
9:15 10:05	MATEM ▶	L. GALEGA ▶ (9:15-9:45)	C. SOCIAIS ▶	ARTS ▶ (9:15-9:45)	L. CASTELÁ ▶
10:05 10:55	MATEM ▶	INGLÉS ▶ (10:05-10:35)	C. SOCIAIS	RELIXIÓN ▶ (10:05-10:35)	L. CASTELÁ ▶ (10:05-10:35)
10:55 11:45	MATEM ▶	L. GALEGA ▶	MATEM ▶	L. CASTELÁ ▶	INGLÉS ▶ (10:55-11:25)
11:45 12:15	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:15 13:00	L.GALEGA ▶	EF ▶	INGLÉS ▶	L. CASTELÁ	C. NATURAIS ▶
13:00 13:45	MÚSICA ▶ (13:00-13:30)	L. GALEGA	C. SOCIAIS	EF	C. NATURAIS
13:45 14:15	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler

4º EP	L	M	Mérc.	X	V
9:15 10:05	L. CASTELÁ ▶	ROBÓTICA ▶ (9:15-9:45)	MATEM ▶	C. NATURAIS ▶ (9:30-10:05)	INGLÉS ▶
10:05 10:55	INGLÉS ▶ (10:05-10:35)	MÚSICA ▶ (10:05-10:35)	MATEM ▶ (10:05-10:35)	L. CASTELÁ ▶ (10:05-10:35)	L. CASTELÁ
10:55 11:45	MATEM ▶	ARTS ▶ (10:55-11:25)	RELIXIÓN ▶ (10:55-11:25)	EF ▶	MATEM
11:45 12:15	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:15 13:00	C. SOCIAIS ▶	C. NATURAIS ▶	L. CASTELÁ ▶ (12:15-12:45)	L. GALEGA ▶	L. GALEGA ▶
13:00 13:45	L. GALEGA	L. GALEGA	INGLÉS ▶ (13:00-13:30)	C SOCIAIS ▶ (13:00-13:15)	EF
13:45 14:15	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler

5º EP	L	M	Mérc.	X	V
9:15 10:05	INGLÉS ▶	MÚSICA ▶ (9:15-9:45)	L. CASTELÁ ▶ (9:15-9:35)	MATEM. ▶	L. GALEGA
10:05 10:55	L. CASTELÁ ▶	L. GALEGA ▶	MATEM. ▶	INGLÉS ▶ (10:05-10:25)	MATEM
10:55 11:45	L. CASTELÁ ▶	L. GALEGA ▶ (10:55-11:25)	MATEM ▶	RELIXIÓN ▶ (10:55-11:25)	MATEM ▶
11:45 12:15	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:15 13:00	C. SOCIAIS	INGLÉS ▶ (12:15-12:45)	C.NATURAIS ▶	EF ▶	C.NATURAIS
13:00 13:45	EF	ARTS ▶ (13:00-13:45)	L. GALEGA	L. CASTELÁ	C. SOCIAIS ▶
13:45 14:15	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler

6º EP	L	M	Mérc.	X	V
9:15 10:05	C. NATURAIS ▶	C. SOCIAIS	L. CASTELÁ	EF ▶	MATEM.
10:05 10:55	L. GALEGA ▶	MATEM. ▶	L. CASTELÁ ▶	MATEM ▶ (10:15-10:55)	INGLÉS ▶
10:55 11:45	L. GALEGA ▶ (10:55-11:25)	AFOND/ RE ▶	ARTS ▶ (10:55-11:25)	MATEM ▶	RELIXIÓN ▶ (10:55-11:25)
11:45 12:15	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:15 13:00	INGLÉS ▶	L. CASTELÁ ▶ (12:15-12:45)	C. NATURAIS	MÚSICA ▶ (12:15-12:45)	C. SOCIAIS ▶
13:00 13:45	INGLÉS	EF	MATEM.	C. SOCIAIS	L.GALEGA
13:45 14:15	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler ▶	Hora de ler	Hora de ler

Debemos ter en conta que non consideramos factible poder realizar videochamadas coa totalidade do grupo-clase, xa que a plataforma non responde ben cando hai moitos usuarios conectados a unha mesma videochamada. Non podemos pretender realizar o mesmo traballo dende a casa como se a docencia fora presencial, co alumnado conectado a unha pantalla o horario lectivo. Polo tanto, organizaremos o traballo e distribuiremos o horario en grupos (que serán comunicados ás familias) para levar a cabo a docencia virtual, resolver dúbidas e reforzar a aquel alumnado que o precise.

No caso da área de Educación Física, a proposta será a seguinte:

- Un reto de exercicios con corda, que motive ao alumnado a adicarlle polo menos 10 minutos diarios co obxectivo de que se manteñan activos todos os días e non só cando tocaría EF. Unha vez logrado o reto deberán gravarse e facer o envío do vídeo a través da aula virtual ou de Edixgal. O reto sería presentado pola mestra a través dun vídeo e explicado nun documento, a través dos medios antes mencionados. E na suposta conexión a través de Webex o alumnado poderá comentar as súas dúbidas, inqedanzas, etc, xa que estamos seguras de que vai ser imposible conectarse con grupos aulas enteiros.

DO	L	M	Mérc.	X	V
9:15 10:05			Atención ás familias	Atención ás familias	Coordinación 5º
10:05 10:55			Atención ás familias	Atención ás familias	Coordinación 6º
10:55 11:45			Atención Infantil A	Atención Infantil B	Atención Infantil C
11:45 12:15	Recreo	Recreo	Recreo Coordinación DO: PT - AL	Recreo	Recreo
12:15 13:00			Coordinación 1º	Coordinación 3º	EEI A Modia
13:00 13:45			Coordinación 2º	Coordinación 4º	EEI A Modia
13:45 14:15	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler ▶	Hora de ler	Hora de ler

A orientadora do centro, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos

titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado. Este horario será comunicado ás familias de xeito individual, e non será publicado na páxina web do centro, seguindo os protocolos de protección de datos.

3. Levaranse a cabo no centro periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche. Neste proceso contaremos coa apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da inspección educativa.
4. Comunicaremos ás familias a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e podan contribuír ao proceso educativo.
5. A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa.
6. Para garantir o proceso, o profesorado que precise de formación básica necesaria deberá realizar de xeito inmediato unha formación facilitada polo propio centro educativo ou polos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado. Esta formación constitúe un dereito e unha obriga do profesorado, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Orgánica de Educación.
7. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.
8. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento
9. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
10. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
11. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da

persoa Coordinadora TIC /eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para este labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.

12. O mesmo día do peche:

a) a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

b) o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumnado de menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Para calquera dúbida ou consulta sobre a comunicación coas familias a través de abalarMóbil ou da aula virtual pode contactar coa asesoría Abalar de zona. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

13. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do *Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións)* e no apartado 3 das *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (Programacións didácticas)*.

14. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* así como no apartado 3 do *Protocolo de atención educativa domiciliaria*.

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa

proposta será entregada á nai, ao pai ou persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.

15. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no *Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia*, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas aliñas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.
16. Garantírase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.
17. A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:
 - a) O mesmo día da corentena ou do peche o equipo directivo afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.
 - b) Unha vez atendidas as necesidades iniciais, a dirección do centro trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.
 - c) Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
 - d) Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa dispoñible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche a dirección do centro educativo recadará de inmediato os documentos de cesión de equipamento

debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento.

Chegado o eventual peche dará traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.

e) O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f) Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

g) Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Manter o contacto con todas as familias e co alumnado, tanto para comprobar o seu estado anímico como de saúde.
- b) Actualizar os contidos da aula virtual de xeito periódico, establecendo horarios de videochamada co alumnado para continuar co proceso de ensino-aprendizaxe. Na etapa de Educación Infantil levarase a cabo unha videochamada semanal para manter o vínculo co grupo-clase. No 1º ciclo será unha videochamada diaria, e no 2º e 3º ciclo levarase a cabo a docencia seguindo os horarios-espello.
- c) Realizar tarefas de desinfección no centro.
- d) Comprobar que todas as familias teñen acceso á educación a distancia, e dispoñen dos medios necesarios para levala a cabo.
- e) Revisar o protocolo e corrixir os posibles erros que puidera haber na organización do centro.
- f) Estabelecer o proceso das quendas da reincorporación ás aulas.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

Anexo II

Eu, D./Dna. _____ con DNI _____
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a _____ do
centro educativo _____ recibín en
réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para continuar o proceso formativo
durante a vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e coidado,
a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolve-lo nas mesmas condicións en que me
foi entregado.

EQUIPO:

MODELO:

N.º DE SERIE:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento: Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento.

Finalidade do tratamento: Rexistro e acta de entrega de equipamento.

Lexitimación do tratamento: O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de
poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida
en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e demais regulación concordante.

Destinatarios do datos: Non se prevén comunicacións a terceiras persoas.

Exercicio dos dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación,
portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos
lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común
segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional:

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

E para que así conste, asino este documento

En _____, a _____ de _____ de _____

Entregado ao centro educativo con data ____/____/____